REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 28.09.2017 Hora: 16:00

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
21 SET. 2017
Núm. 4726

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de setembro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 16078 (10/CPC-000027)
Da secretaria xeral de Igualdade, por petición propia, para informar sobre o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

Punto 2. Preguntas

2.1 12752 (10/POC-002156)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 9 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego do funcionamento e da prestación de servizos da Unidade de Hospitalización a Domicilio (Hado) na área de influencia do Hospital da Costa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

2.2 13403 (10/POC-002353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a posta en marcha do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado en Santiago de Compostela, e os motivos polos que continúa pechado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

2.3 14416 (10/POC-002682)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a información e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que están a padecer en Alemaña as persoas mozas galegas acollidas ao programa de formación en FP denominado MobiPro-EU
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
21 SET. 2017
Núm. 4726

2.4 15490 (10/POC-002805)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a apertura das plantas pechadas, con motivo das obras, na Residencia de Maiores de Caranza, de Ferrol, así como a execución das obras pendentes e as súas intencións respecto da cobertura das demandas de persoal do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/09/2017 10:33:43

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.1 16078(10/CPC-000027)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretaria xeral de Igualdade, por petición propia, para informar sobre o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 SET. 2017
Núm. 16078

XUNTA DE GALICIA PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 SET. 2017
SAÍDA
Num. 357

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e a petición propia, da secretaria xeral de Igualdade para informar sobre **"o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia".**

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

2.1 12752(10/POC-002156)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 9 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do funcionamento e da prestación de servizos da Unidade de Hospitalización a Domicilio (Hado) na área de influencia do Hospital da Costa

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 12:32
Nº Rexistro: 12752
Data envio: 17/07/2017 12:32:19.479

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Servizo Galego de Saúde creou e puxo en marcha, despois do verán de 2013, unha Unidade de Hospitalización a Domicilio (HADO) para a área sanitaria de Cervo. Dita unidade presta servizo, polo tanto, aos concellos que forman a área de influencia do Hospital da Costa.

Ademais, desde outubro de 2015, o Hospital da Costa conta co segundo equipo da Unidade de Hospitalización a Domicilio.

A hospitalización a domicilio é unha alternativa asistencial que se mostra como unha das tendencias actuais da atención especializada. Con ela preténdese evitar ao enfermo a estadía nun lugar alleo ao seu contorno habitual e, ao mesmo tempo, optimizar a utilización de todos os recursos sanitarios dispoñibles, prestando ao paciente no seu domicilio a atención médica e de enfermería que ao seu proceso requira, sen necesidade de ter que permanecer ingresado máis tempo do necesario.

Os pacientes que estean en condicións de acceder a este servizo poden ser atendidos no seu fogar con todas as garantías asistenciais e sanitarias que ofrece un hospital.

De feito, estudos realizados sobre o funcionamento destas unidades demostran que as descompensacións agudas de determinadas patoloxías prodúcense con menor

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 12:32
Nº Rexistro: 12752
Data envio: 17/07/2017 12:32:19.479

periodicidade se o enfermo recibe os coidados no seu propio domicilio, é dicir, se non se afasta da súa forma de vida habitual.

Entre as vantaxes das HADO figuran o feito de que permiten diminuír a morbilidade inherente ao ingreso hospitalario (menos infeccións, menor incidencia de episodios de desorientación do ancián…) e reducen as recaídas. Por outra banda, o paciente goza de maior intimidade e confortabilidade no seu propio domicilio.

Polo tanto, o obxectivo é achegar o maior número de servizos sanitarios posibles aos cidadáns e é, un exemplo máis, da determinación da Xunta de Galicia de potenciar o Hospital da Costa.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cantas persoas se están a beneficiar, desde a súa posta en funcionamento, da hospitalización a domicilio na área de influencia do Hospital da Costa?

2.- Qué tipo de patoloxías son as máis susceptibles de ser tratadas a través desta unidade?

3.- Cales son os servizos máis habituais que se prestan polos profesionais do HADO?

4.- Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento deste servizo?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 17/07/2017 12:28:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/07/2017 12:28:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 12:32
Nº Rexistro: 12752
Data envio: 17/07/2017 12:32:19.479

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2017 12:28:25

María Ángeles Garcia Míguez na data 17/07/2017 12:28:31

Marta Rodriguez Arias na data 17/07/2017 12:28:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/07/2017 12:28:50

María Soraya Salorio Porral na data 17/07/2017 12:29:00

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/07/2017 12:29:07

Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2017 12:29:14

Sandra Vázquez Dominguez na data 17/07/2017 12:29:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

2.2 13403(10/POC-002353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a posta en marcha do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado en Santiago de Compostela, e os motivos polos que continúa pechado

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:49
Nº Rexistro: 13403
Data envio: 01/08/2017 13:49:24.908

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para** a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado no barrio compostelá de Salgueiriños, programouse no ano 2007 co obxectivo de ser un centro de vangarda, pioneiro no Estado para o tratamento integral da discapacidade. O complexo está preparado para facilitar a mobilidade e tratamento de persoas dependentes, e dotado de múltiples espazos e servizos, todos encamiñados á promoción da autonomía persoal de persoas con discapacidades físicas e a súa integración e desenvolvemento social. Principalmente, ofrecerá asistencia para persoas dependentes, aínda que, nos seus locais haberá locais administrativos, formativos, de rehabilitación, de investigación e de recursos de apoio. A previsión era daquelas que cando estivera a pleno rendemento podería atender a un total de 162 persoas con discapacidade ao día: setenta das súas prazas serían para formación; 60 destinaríanse para habilitación funcional, emocional e psicosocial; e as 32 restantes para residencia. Ademais, o proxecto contemplaba unha zona de cafetería e de comedor, que estaría aberta ao público da cidade.

O centro segue pechado na actualidade malia que as obras,supuxeron un investimento de máis de 13 millóns de euros.

Na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, continuación e consecuencia do primeiro plan, non se fai mención á apertura do Cegadi como parte dos obxectivos para executar neste período.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que motivo permanece pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:49
Nº Rexistro: 13403
Data envio: 01/08/2017 13:49:24.908

2. A que se debe o retraso na súa posta en marcha?
3. Cando ten previsto o Goberno galego poñer en marcha a pleno rendemento o Cegadi?
4. Qué modelo de xestión implementará a Xunta de Galicia neste complexo?
5. Solicitou algunha entidade facerse cargo da xestión de espazos do centro?
6. Que número total de empregados e empregadas públicas formarán parte do cadro de persoal do Cegadi?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 13:40:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:40:15

Julio Torrado Quintela na data 01/08/2017 13:40:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

2.3 14416(10/POC-002682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a información e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que están a padecer en Alemaña as persoas mozas galegas acollidas ao programa de formación en FP denominado MobiPro-EU

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:33
Nº Rexistro: 14416
Data envio: 22/08/2017 11:33:37.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás condicións de traballo dos moz@s galeg@s emigrad@s en Alemania.

O goberno alemán puxo en marcha un proxecto de formación en FP cunha duración de 2 a 3 anos, chamado MobiPro (Mobilität Program) coa escusa de ofrecer oportunidades laborais á xuventude do sur europeo, que é a que ten máis dificultades pra acceder ao mercado laboral.

A FP en Alemania ten a especificidade de que a formación lévase a cabo no lugar de traballo, principalmente, e a teoría ocupa unhas 6 semanas de cada semestre. Polo tanto, as prácticas son remuneradas e o estudantado cotiza á SS, tendo que superar todo o proceso habitual para buscar un traballo para ser admitido na empresa.

MobiPro é un programa do que se benefician un conglomerado de intermediarios, conveniados, que reciben as subvencións correspondentes en todo o que respecta de servizos ao estudantado: As academias de idiomas,curso intensivo de alemán para alcanzar un nivel "conversa" ao chegar a destino; as escolas de formación (ONGs), que son axencias "sen ánimo de lucro" que se ocupan de toda a burocracia e xestionan os perfís das candidaturas, á chegada ao país e a súa integración con actividades e cursos de alemán, etc, ; as empresas, non só para os estranxeiros, mais en xeral para todos @s aprendices, as empresas nin teñen programa formativo, nin son

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:33
Nº Rexistro: 14416
Data envio: 22/08/2017 11:33:37.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

controladas polos servizos gobernativos a respecto das condicións laborais. Sinxelamente, @s aprendices ocupan o chanzo máis baixo no cadro da empresa e son metid@s a piñón nas engrenaxes da maquinaria produtiva.

Deben pasar un mes de proba e logo 6 meses máis, coma calquera traballador normal, cumprindo os mesmos horarios, agás os menores de idade, e cobrando a metade. Para os aprendices de MobiPro o tope é de 818€, dos cales cotízanse entre 400 e 600€, dependendo da zona e da empresa.

No caso de non superar o período de proba e ter que voltar para a casa e abandonar o programa, hai unha taxa de abandono bastante elevada, @s moz@s están a gastar máis do que perciben, durante a formación non se cobran horas extras, ao que hai que engadir que é moi difícil ingresar un salario estando no curso de alemán intensivo.

Durante as campañas de captación dest@s traballadores/as barat@s nunca se mencionan os inconvenientes, nin os casos de abandono e de fracaso e que facer se as cousas se torcen. Hai información manipulada e incompleta para enganar @s futur@s emigrantes con falsas promesas de estabilidade laboral, seriedade e compromiso empresarial.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

1.- É coñecedor o Goberno galego da situación na que se encontran estes mozos e mozas traballando en Alemania baixo o paraugas de MobiPro-EU?

2.- Vai a Xunta de Galiza esixir responsabilidades ao goberno alemán polo trato ao que se ven sometidos @s moz@s galeg@s, por parte dos empregadores e dos diversos organismos que colaboran no programa MobiPro-EU?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:33
Nº Rexistro: 14416
Data envio: 22/08/2017 11:33:37.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para defender os lexítimos intereses das mozas e mozos que están a cursar unha FP en Alemania?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2017 11:33:12

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2017 11:33:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2017 11:33:21

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2017 11:33:22

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2017 11:33:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:33
Nº Rexistro: 14416
Data envio: 22/08/2017 11:33:37.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2017 11:33:25

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.09.2017 Hora: 16:00
Orde do día

2.4 15490(10/POC-002805)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a apertura das plantas pechadas, con motivo das obras, na Residencia de Maiores de Caranza, de Ferrol, así como a execución das obras pendentes e as súas intencións respecto da cobertura das demandas de persoal do centro

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 18:09
Nº Rexistro: 15490
Data envio: 05/09/2017 18:09:27.406

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Fai varios anos que se iniciaron as obras na Residencia de Maiores de Caranza, obras caracterizadas por unha pésima xestión que dende o seu inicio partiron dun proxecto fallido, que as mantivo paralizadas coa consecuencia dunha merma das prazas públicas así como os custos de derivación á privada.

Con todo, a día de hoxe, as plantas aínda seguen sen abrir e moitas das prazas da residencia sen cubrir. Cun total de 191 prazas, só están cubertas 96, unha situación intolerable xa que levan case catro anos sen recibir ingresos, todo isto tendo en conta a demanda e a lista de espera para os centros residenciais de maiores en Galicia.

A maiores das dúas plantas que aínda están pechadas polas obras iniciadas dende fai anos, a residencia de Caranza conta con deficiencias estruturais que son froito da antigüidade do edificio e que provocan que existan habitacións pechadas por problemas con goteiras e humidades. Ademais, os problemas estruturais chegan tamén ao propio chan do centro que si ben nun momento inicial estaba previsto na obra, ao final os arranxos non se levaron a cabo, presentando actualmente graves deficiencias.

Sumando as necesidades de obras estruturais a maiores das xa realizadas, a residencia adoece das mesmas deficiencias que outras de similares características, como por exemplo a de Oleiros, en relación á falta de persoal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 18:09
Nº Rexistro: 15490
Data envio: 05/09/2017 18:09:27.406

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Tanto o persoal do centro como o Comité de Políticas Sociais de Coruña, denuncian a falta de persoal e a falta de cobertura nas baixas e nas vacacións.

Actualmente, só contan cun fisioterapeuta e un monitor de tempo libre para atender a todas as persoas residentes, xa que a praza de terapeuta ocupacional que está habilitada, atópase sen cubrir. Todo isto, nunha residencia que se caracteriza por atender a persoas dependentes con mobilidade reducida.

A residencia, conta tamén co mesmo problema que outras en relación aos ingresos de persoas con patoloxías psíquicas que están a ser ingresadas en residencias de estas características co peche dos antigos psiquiátricos. Residencias que non contan cos protocolos e co persoal axeitado. Ao igual que Oleiros, a residencia de Caranza tampouco conta con psicólogo/a.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Cando ten pensado a Xunta de Galicia abrir as plantas pechadas polas obras?
2.ª) Cando van a realizarse o resto de obras pendentes no edificio?
3.ª) Ten pensado a Xunta de Galicia cubrir as demandas de persoal do Centro?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 18:09
Nº Rexistro: 15490
Data envio: 05/09/2017 18:09:27.406

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/09/2017 16:36:17